

## UNHA FAMILIA NORMAL

Ola chámome Chol e son un can, vivo nun pequeno pobo da provincia de A Coruña coa miña familia, que está composta por Tomás e Clara que son os “xefes da manda” e os seus fillos Lucas, Ricardo e Braulio. Nós somos o que se adoita dicir unha familia normal, claro está que temos algúns problemiñas pero co paso do tempo supoño que se irán amañando.

Bueno, esquecéuseme dicirvos que eu son un can pero a miña familia non, eles son persoas, aínda que ... moito coidado!. Eu creo que o que ten máis sentido son eu.

Eu xa volo dixen son can e claro, falo, non vos estrañedes!. Hai moitos cans que falan, lembrade a Scooby Doo aínda que eu non son tan xirimicas como el. Bueno, tampouco son tan finolis como Snoopy, nin tampouco son Rintintín nin o Rex ese que sae na televisión. Eu sonche moi normalíño, con moito sentido común e con opinión propia. Outra cousa importante é que aínda que eu falo, ninguén na casa parece escoitarme, de verdade que non entendo por que!, pero isto non é problema para que a nosa convivencia sexa bastante agradable.

Ui! Parece que está a soar o despertador, deben ser as oito da mañá e como todos os días comeza a sesión nesta casa. Duchas, duchas, duchas, camas, camas, camas, a vestirse rápido e ... a almorzar. Aquí comezan os problemas desta casa. Xa vos presenteí aos meus pequenos amigos Lucas, Ricardo e Braulio. Son tres rapaces e os tres completamente distintos Ricardo vive por e para a comida, temos un problemas con el. Lucas está na idade da tontería e deulle por non comer, menudo problema tamén ! E Braulio, o máis pequeno, por agora é normal, pero ... quen sabe por que camiño se decidirá se polo de Lucas ou polo de Ricardo.

O problema de Ricardo pola comida trae a súa nai louca dos nervios. O médico díxolle que o tiña que por a réxime, pero Ricardo non está pola labor, el prefire seguir comendo coma sempre, encántanlle as patacas fritidas, a carne e tolea polos pasteis, as verduras e as patacas cocidas non van con el.

No caso de Lucas é todo o contrario. Non lle gusta ningunha comida e o médico díxolle que tiña que comer moito máis do que come. A súa nai sempre lle está dicindo que coma e que está nos ósos.



Coma todas as mañás Clara pon enriba da mesa o que debe comer cada un dos seus fillos, zume de laranxa para todos, leite desnatada para Ricardo, leite enteira para Lucas e torradas. E como todos os días a mesma cantarea.

- Lucas, toma todo o leite, bebe o zume e toma a torrada con manteiga.
- E acto seguido ...
- Ricardo, non fagas sopas no leite, come a torrada soa.

Pero... do que non se decata Clara e de que Lucas e Ricardo xa cambiaron as tazas do leite e as torradas claro, como todos os días a torrada de Lucas remata no seu peto. Lucas faise o remolón coa súa nai e dille:

- Podo deixar un pouquiño de leite – e ela mira para a taza e dille:
- Veña, un grolíño máis – e outra vez colle a taza e baléiraa na de Ricardo (menudo almorzo fixo este rapaz hoxe, pero... esta muller non se decatará algún día de que Lucas vai ao colexio sen almorzar ?).


Pois parece que non, porque hoxe volve a pasar o de sempre. O autobús acaba de chegar á porta para levalos ao colexio, colleron as cousas e saíron para subir ao autobús. Lucas, hoxe vai de excursión e coas présas deixou os bocadillos na casa. A súa nai lévallos e el dille que non os quere, que xa comerá algo en Santiago. A nai insistiulle para que os comera pero el tirouno pensando que ninguén o vira. Cando voltou a casa a súa nai, que estaba un pouco mosqueada, preguntoulle polo que tirara antes de subir ao autobús, a o que el respondeu que foran uns papeis que tiña na mochila.

Xa empezamos coas mentiras!, isto comeza a poñerse mal. Non entendo como se pode ser nai e non darse conta dos cambios que está a sufrir este rapaz, sempre está canso, ten sono, está irritable e ás veces ata resulta agresivo e dígovolo eu que ata hai moi poucos días era o seu can favorito, bueno e que tamén era o único can que tiña. Pero agora todo cambiou. A este rapaz pásalle algo, que volo digo eu. Non é normal este illamento e esa constante sensación de frío, a min paréceme que o responsable de todo é ese desinterese pola comida. Fixádevos que o outro día meteume a comida por debaixo da mesa, debe pensar que estou tolo! Pensa que vou alterar a miña dieta! Faltaría máis! Eu non quero convertirme nunha bóla de sebo! E para amolar máis Clara deuse conta e berrounos aos dous ... Que culpa terei eu? Rematou dicíndonos que se volvía a suceder Lucas iría ingresado a un hospital e eu, bueno, berroume tanto que non me quedaron ganas de volver a facelo, aínda que eu nin sequera tocara a comida.

Comida? Esa é a palabra favorita de Ricardo. Menudo elemento! Come todo o que atopa por diante. Durante o día a súa nai pono a réxime e pola noite, a baleirar a neveira! Eu non sabía que se podían comer as salchichas de tres en tres. Que velocidade comendo, miña nai querida! Se segue así terei que comezar a ladrar para que se den conta do que está a acontecer.

Esta xente non se entera de nada!. Hoxe cando os rapaces saíron para o colexio aproveitei que a porta non estabas pechada e saín dar unha volta. E..., o que son as cousas! As miñas patas leváronme ata o patio do colexio e alí estaba o meu Ricardo cambiando as cartas de Pokemon por bocadillos e Lucas saltando e correndo como un toliño. Acerqueime con moito tino para que non me viran, tendo en conta que me escapara da casa, así que fun entrando no patio como quen non quere a cousa e de súpeto un dos amigos de Lucas viume e di a toda voz:


- Chol, que fas ti por aquí?



E como se tivesen un altofalante pegado ás orellas Ricardo e Lucas miraron rapidamente intentando buscarme. Tiña que saír de alí pitando, non podía esperar máis. E claro, as présas fixeron que eu comezase a correr e saín coma unha centella sen mirar por onde. Só recordo un enorme castañazo e unha dor impresionante. Logo oín un murmullo, xente barullando, pero nada de luceciñas brancas nin o túnel ese do que fala todo o mundo que está a piques de morrer. Non, eu vía galletiñas, galletiñas por todas partes.

Logo, oín como me levaban a unha clínica. Cando viron que estaba vivo, operáronme e estiven en coidados intensivos en coma, durante tres semanas e media. (Seino porque mo contaron despois, xa que eu non estaba para levar conta dos días).

Miña nai, cantas cousiñas escoitei neses días! Claro está que todo o mundo dicía que non podía oír a ninguén, que o meu coma era profundo. Pero, que tontería máis grande!



Tomás e Clara non paraban de dicir que boño era, lembrás cando o mercamos? Ou parvadas do tipo “xa nada será igual sen el” Non sei porque o dicían, eu non pensaba ir a ningures.

O peor día creo que foi cando viñeron a verme Ricardo e Lucas, eles acariñábanme e dicíanme, ponte bo, facíanme cóxegas na tripa (iso gústame moito), pero a min aínda non me chegara a hora de espertar. Os meus pobres rapaces non aguantaron máis e os dous romperon a chorar e coma se dun milagre se tratase Ricardo balbuceou “Chol, se te curas

prometo comer ben, non pasarme coas cousas que teño prohibido, non volverei nunca roubar comida polas noites e ata irei a un médico se é preciso?”. “parvadas”, dixo Lucas, pero logo recapacitou e murmurou, “bueno, eu tamén podo facer algo. Eu cambiarei, irei a un médico e tratarei de que a miña alimentación sexa equilibrada.”

Que ben soaba iso, pero isto non é unha película, así que non espertei, estiven así durante días e eles viñan a verme todos os días e os dous me repetían sempre o mesmo. Así que un bo día dixen “hoxe vou espertar”, e claro ...espertei!

Que festa tan grande! que ledicia na casa! Tiña ganas de ver a todos pero sobretudo aos meus “cachorriños” Serán capaces de cumprir a súa promesa?...

Bueno, pasaron xa dous meses dende o accidente e atópome moi ben, e Lucas e Ricardo? Si, xa sei que queredes saber o que pasou con eles. Cumpriron a súa promesa e pouco a pouco (moi pouco a pouco) van mellorando. Claro está que eu teño que axudalos a non incumplir o trato, pero os dous están empezando a sentirse moi ledos coa súa vida.



Cuarto de Educación Primaria

Fin